



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Decembro 2019

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Decembro 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un incremento do 9,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 11,1 puntos superior á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,0%, 4,0 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 8,5% e nos Outros servizos o 12,9%.
- No conxunto do ano, o índice xeral aumenta un 4,2% en Galicia e un 3,9% no conxunto de España.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,5% e en España un 1,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior. No ano 2019, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,6% no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios e o persoal ocupado no mes de decembro.
- No conxunto do ano, en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios e o persoal ocupado.

Indicador de actividade do sector servizos. Decembro 2019				
Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		
		Interanual	Media ano 2019	
9,5	Xeral	136,9	9,5	4,2
-0,2	Venta e reparación de vehículos de motor	101,5	-4,1	-4,3
6,3	Comercio por xunto	146,2	12,4	4,0
0,3	Comercio ao retalto	129,6	1,5	1,7
2,3	Transporte	133,7	25,8	15,4
0,1	Hostalería	116,6	3,5	5,5
0,3	Información e comunicacións	130,3	7,8	0,5
0,3	Actividades profesionais, científicas e técnicas	141,4	7,9	4,2
0,1	Actividades administrativas e servizos auxiliares	131,4	2,0	4,6

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un incremento do 9,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 11,1 puntos máis que no mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,0%, 4,0 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun aumento do 8,5%, achega 6,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 12,9% e achegan 3,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 5,6% e nos *Outros servizos* aumenta o 4,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 12,4%, co que achega 6,3 puntos. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 4,1% e resta 0,2 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra unha taxa do 7,4% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 6,9%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 12,9%. O *Transporte* rexistra o maior incremento, 25,8%, co que achega 2,3 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,0%. Os maiores incrementos rexístranse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (6,6%) e no *Transporte* (4,3%).

No conxunto do ano, a cifra de negocios crece un 4,2% en Galicia e un 3,9% en España; o *Comercio* crece menos en Galicia, 3,0%, que en España, 3,3%, mentres que os *Outros servizos* aumentan máis en Galicia (8,3%) que en España (5,1%).

En Galicia, os sectores que máis contribúen ao crecemento son o *Comercio por xunto*, que cun incremento do 4,0% achega 2,4 puntos e o *Transporte*, que achega 1,1 puntos ao crecer un 15,4%. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe a súa facturación no ano, -4,3%.

En España, a taxa máis alta rexístrase en *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (7,0%), e o único sector onde diminúe a facturación no ano é *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,6%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 7,8% no mes de decembro.

O sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, ao incrementarse un 23,5%, co que achega 3,3 puntos. O *Comercio* achega 2,2 puntos, cun incremento do 5,3%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 4,7%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (14,8%) mentres que *Información e comunicacións* presenta a taxa máis baixa, 0,2%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 6,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de decembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores aumentos danse en Galicia (9,5%), Comunitat Valenciana (6,7%) e Murcia (6,6%). Os menores incrementos rexístranse en Asturias (1,6%) e La Rioja (1,7%).

No ano 2019, todas as comunidades rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos rexístranse en Murcia (6,3%), Extremadura (6,2%) e Andalucía (6,0%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (1,2%) e Illes Balears (1,3%).

Índices de cifra de negocios. Decembro 2019


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,5% respecto ao mes de decembro de 2018, sete décimas menos que en España (1,2%).



O persoal ocupado aumenta un 1,0% no *Comercio* e un 0,1% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,7%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,4%). Os maiores crecementos danse en *Información e comunicación* (2,0%), *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (1,9%) e *Comercio por xunto* (1,3%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento rexístrase en *Información e comunicación* (2,6%).

No conxunto do ano, o persoal ocupado aumentou un 1,3% en Galicia e un 1,6% en España. O maiores crecementos da ocupación en Galicia danse no *Comercio por xunto* (3,2%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,0%). *Actividades administrativas e servizos auxiliares* é o único sector onde diminúe o persoal ocupado (-1,2%).

A nivel nacional, en todos os sectores aumenta a ocupación no conxunto do ano. O maior crecemento rexístrase en *Información e comunicación* (3,0%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de decembro con respecto ao mesmo mes do ano 2018. O maior incremento dáse en Illes Balears (2,4%). As taxas máis baixas rexístranse en Canarias (0,3%) e Galicia e Asturias (ambas 0,5%).

No ano 2019, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,3%), Comunitat Valenciana (2,2%) e Navarra (2,0%); as taxas máis baixas corresponden a Castilla y León (0,7%) e Canarias e Asturias (ambas 0,8%).

Índices de persoal ocupado. Decembro 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2019
Galicia			
Xeral	136,9	9,5	4,2
Comercio	138,7	8,5	3,0
Venta e reparación de vehículos de motor	101,5	-4,1	-4,3
Comercio por xunto	146,2	12,4	4,0
Comercio ao retallo	129,6	1,5	1,7
Outros servizos	131,2	12,9	8,3
Transporte	133,7	25,8	15,4
Hostalería	116,6	3,5	5,5
Información e comunicacións	130,3	7,8	0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	141,4	7,9	4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	131,4	2,0	4,6
España			
Xeral	130,6	5,0	3,9
Comercio	131,4	5,6	3,3
Venta e reparación de vehículos de motor	137,1	6,9	-0,6
Comercio por xunto	130,7	7,4	4,4
Comercio ao retallo	130,5	2,0	2,5
Outros servizos	129,2	4,0	5,1
Transporte	117,7	4,3	5,7
Hostalería	110,8	2,9	3,6
Información e comunicacións	132,0	3,7	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	164,1	3,1	7,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,4	6,6	6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2019
Galicia			
Xeral	132,3	7,8	4,7
Comercio	133,2	5,3	1,5
Transporte	147,0	23,5	14,8
Hostalería	118,9	3,5	5,5
Información e comunicacións	129,3	7,8	0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	135,3	8,7	5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	140,7	2,7	2,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
 Decembro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA AÑO 2019
ESPAÑA	130,6	5,0	3,9
Andalucía	128,1	5,6	6,0
Aragón	127,1	4,2	3,2
Asturias	129,9	1,6	4,7
Balears, Illes	98,0	2,2	1,3
Canarias	133,7	3,0	1,2
Cantabria	134,8	3,2	5,7
Castilla y León	125,1	3,7	2,0
Castilla-La Mancha	130,8	2,0	3,3
Cataluña	122,1	4,1	3,1
Comunitat Valenciana	129,9	6,7	4,5
Extremadura	135,2	5,2	6,2
GALICIA	136,9	9,5	4,2
Madrid	141,1	5,5	4,0
Murcia	128,8	6,6	6,3
Navarra	127,5	2,6	4,2
País Vasco	128,7	3,7	4,2
Rioja, La	129,4	1,7	3,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2019
Galicia			
Xeral	108,5	0,5	1,3
Comercio	109,7	1,0	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	100,0	-0,7	0,5
Comercio por xunto	121,2	1,3	3,2
Comercio ao retallo	105,1	1,1	0,8
Outros servizos	107,6	0,1	1,0
Transporte	105,6	0,7	2,5
Hostalería	103,6	0,4	0,1
Información e comunicacións	108,5	2,0	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,5	1,9	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,2	-2,4	-1,2
España			
Xeral	108,9	1,2	1,6
Comercio	108,6	1,1	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	107,4	0,8	1,5
Comercio por xunto	112,1	1,4	2,0
Comercio ao retallo	106,6	0,9	1,0
Outros servizos	109,1	1,3	1,7
Transporte	109,5	0,9	1,9
Hostalería	102,9	0,6	0,8
Información e comunicacións	111,0	2,6	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,9	1,8	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,2	1,5	1,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Decembro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2019
ESPAÑA	108,9	1,2	1,6
Andalucía	107,2	1,2	1,8
Aragón	110,5	1,5	1,3
Asturias	106,0	0,5	0,8
Baleares, Illes	93,9	2,4	1,7
Canarias	110,4	0,3	0,8
Cantabria	109,2	1,7	1,0
Castilla y León	105,6	0,7	0,7
Castilla-La Mancha	107,9	1,6	1,4
Cataluña	109,7	1,1	1,8
Comunitat Valenciana	112,9	1,9	2,2
Extremadura	106,2	1,4	2,3
GALICIA	108,5	0,5	1,3
Madrid	110,1	1,4	1,7
Murcia	112,6	1,7	1,5
Navarra	110,1	1,6	2,0
País Vasco	107,2	0,6	1,0
Rioja, La	109,4	1,4	1,9

Fonte: INE